

## 25 CASAS DE GALICIA. Arquitecturas da urbanización difusa

Toni García\*

... Un pobo atopase en estado de insomnio cando a súa cantidade global de soño diminuíu de xeito considerable. Ismaíl Kadaré, "Le Palais des rêves"

### Introducción.

Dende a segunda metade do pasado século XX vivimos un intenso e acelerado proceso de urbanización a escala global, que se estendeu a grandes áreas do territorio entre cidades e rexións, tratando o solo rural a traveso da expansión de modelos urbanos, e difundindo os valores, comportamentos e sistemas de produción urbanos por todo o territorio.

A escomezos do século XXI o territorio continua usándose de xeito extensivo, a importancia das distancias decrece e as rexións tenden a converterse en lugares máis globais que locais. Entre outras consecuencias, esta situación provoca un incremento da mobilidade poblacional que trae como resultado a desaparición dos límites entre o rural e o urbano, e o aumento da suburbanización e da presión urbana no territorio.

Poderíamos dicir que o territorio está sendo construído cada vez máis e a ritmos máis velozes a través de un modo de ocupación fragmentaria, difusa, na que o papel da cidade se ve destacado como lugar de usos terciarios onde atopar servizos e equipamentos difíciles de repetir nun territorio cada vez máis ocupado con usos residenciais ou instalacións que requiren de grandes espazos imposibles de atopar nas cidades.

Estes novos territorios da difusión urbana están cheos de usos urbanos dispersos, sen vertebración nin formal nin funcional, hai quen os denomina *non-lugares* nos que a cidade desaparece como estrutura e onde a natureza e a paisaxe perderon en gran medida a súa identidade. E en moitos deses lugares onde vivimos, onde se están construíndo as nosas casas, e crecen novas xeracións de habitantes.

A evolución da técnica e da economía está trasladando ao territorio usos e funcións urbanas que non poden ser desenroladas nas cidades, que no afán de situarse segundo as súas necesidades fan da urbanización difusa o seu modelo territorial. En termos económicos os custos de esta extensión da urbanización son moi elevados, ao construírse cunha baixa densidade que non trae consigo un reequilibrio territorial senón unicamente consumo espacial, redución do chan agrícola e forestal, artificialización da natureza e novas ocupacións do espazo rural que non integran nas novas estruturas territoriais senón que destrúen o seu antigo equilibrio.

En maior ou menor grado o fenómeno da urbanización difusa, que pode definirse como a continuidade da urbanización e a especialización do territorio, repítese como si fose a "paisaxe" da anunciada economía global, sexa en lugares periféricos con menor tradición de ordenamento e planificación territorial, como Galicia, ou naqueles que si a posúen. Da súa comprensión como fenómeno de interese social e do seu ordenamento vai depender o futuro do noso desenrolo, e entre outras cousas, o equilibrio medioambiental e a habitabilidade urbana.

Pouco ou nada se nos di de como e cando escomezou este proceso, de quen é o seu responsable, de cales son as súas consecuencias futuras, de si esta é a mellor das alternativas para facer de un lugar un lugar habitable. Nada nos esiximos para sabelo e cando nos falan de futuro ninguén pregunta como nos organizamos, que modelo de país temos. Vivimos e non nos preguntamos como vivimos.

A vivenda, a casa, é unha das arquitecturas coas que se constrúe o territorio, sen dubida a máis importante de todas, nembargantes so escoitamos falar dela en termos económicos, dise que hoxe a vivenda se mide pola cantidade de espazo do que dispoñemos para construír e non xa pola súa calidade, preguntámonos canto nos custa, como poderemos pagala, a veces parece que non nos dásemos de conta que é un lugar no que vivimos, un dos lugares onde

---

\* **Antonio García Fernández**, é arquitecto con a especialidade en Urbanismo pola E.T.S.A.-A Coruña e Lille-Regions Nord-Francia, é Master en Deseño Urbano pola TUDelft-Holanda, Delegado de España do CYTED, red XIV-E, para a mellora da vivenda e os asentamentos rurais Iberoamericanos, e Profesor da Escola de Arquitectura CESUGA da UCD-University College Dublin (Irlanda).  
dirección profesional: Rúa General San Martín, nº5-baixo. 15008. A Coruña. [arquitectos@garcia-somoza.com](mailto:arquitectos@garcia-somoza.com)

máis intimidade conseguimos, e sendo tan importante poucas veces nos preguntamos si habería formas mellores de habitar, si as nosas casas poden ser mellores, mesmo mellores e máis baratas, máis adaptadas ao noso xeito de vida, aos nosos intereses, si vivindo de outro xeito estaríamos máis cómodos, se isto inflúe na nosa saúde e no lugar no que estamos. Falase de casas futuras, domóticas, intelixentes, pero non de xente que busque de xeito intelixente un lugar para vivir mellor. ¿Poden as nosas casas ser mellores?

### **Un documento temporal**

O que en resumo contén este libro son 25 casas construídas en Galicia en territorios da urbanización difusa nos últimos dez anos, entre 1994 e 2004, pero a intención era conseguir que o libro fose un documento temporal de un momento particular da nosa historia, da transformación do noso territorio e das súas formas de habitación, do lugar onde este se está a construír agora mesmo e do noso xeito de habitalo, para que os galegos nos coñezamos mellor e fora de aquí sumen, para a súa mellora, un capítulo mais no estudio da actual diversidade de formas de construción do territorio.

Interesa que este libro sirva para amosar o que está acontecendo en Galicia coas súas casas e que sexa un instrumento para que nos fagamos preguntas sobre como e porque nos estamos transformando, así este libro fai as veces de catálogo e acompaña de unha exposición itinerante que une distintos puntos de vista sobre o territorio e a vivenda contemporánea feita en Galicia, o fotográfico, o urbanístico e o arquitectónico, con tres vías de investigación resumidas nos tres artigos que seguen a esta introducción. O primeiro dos artigos, escrito por min, trata da urbanización do territorio e dos territorios da urbanización difusa, contexto territorial no que se sitúan as 25 casas seleccionadas e no que se está construíndo gran parte da Galicia actual; o segundo artigo escrito por Plácido Lizancos, ocupa unha reflexión sobre a evolución e transformación da vivenda popular construída na Galicia contemporánea, e o terceiro dos artigos, elaborado por Fernando Agrasar, comprende un análise estético e compositivo da vivenda contemporánea galega, relacionando as 25 casas seleccionadas co seu contexto e as súas herdanzas.

O libro e a exposición reciben o título de “25 Casas de Galicia. Arquitecturas da urbanización difusa” porque se procura a reflexión do lector e do visitante sobre os acontecementos territoriais da Galicia actual e das súas transformacións, novos xeitos de habitar e os lugares onde esto acontece. Como habitan e como son as casas dos galegos, como poderían habitar mellor e que exemplos son excepción entre a multitude de edificacións que nos arrodean.

Foron moitas as casas que tiven a sorte de visitar, algunhas varias veces, moitas as chamadas e os correos electrónicos a amigos de toda Galicia aos que agradezo que me axudasen a atoparme coas casas e seus habitantes, moitos os quilómetros feitos en coche e os que continuo a facer na procura de novas construcións ou visitando as que seguen en construción, porque en min está que este proxecto non remate con este libro e esta exposición, que continúe durante un tempo máis para sacar a luz novas construcións que ofrezan alternativas e novos xeitos de habitar na actual complexidade territorial galega, e que esto axude para crear o sano hábito de falar das nosas casas non coma obxectos de mercado, senón como espazos de uso e disfrute. 25 son as casas que tiña que seleccionar segundo acordei coa Deputación de A Coruña, non poden estar todas como quixera, seguro que cada un dos lectores faría unha selección diferente, pero eu escollín estas 25 casas pola variedade que aportan na súa riqueza espacial, no uso que fan do seu entorno inmediato e pola súa adaptación ao xeito de vida dos seus propietarios.

Este libro e esta exposición están orientados a persoas que non están familiarizadas en ver arquitectura, sei que lles sorprenderán moitas das formas de estas casas, o seu sistema constructivo e algúns dos materiais cos que están feitas, espero que quen as vexa teña a paciencia para esquecerse da súa diferenza e procure nelas a humanidade e habitabilidade dos seus espazos, conseguidos con igual o menor custe que un piso nun bloque de vivendas suburbano ou moitas das casas unifamiliares esaxeradas en tamaño e altura que se estenden ao longo das nosas estradas.

### **Un proxecto fotográfico**

Este proxecto ten a sorte de contar co traballo de un fotógrafo como Pablo Anllo, teño que agradecerlle a súa entrega e profesionalidade, porque case sempre eu procuraba máis cousas das que poden coller nunha imaxe e el tivo a paciencia para escoitarme e lograr un bo retrato de arquitectura. Non é fácil comentar arquitecturas tendo como único soporte unha imaxe fixa, pero este foi o medio que se decidiu usar de partida.

25 son as casas retratadas, queríamos que todas elas fosen fotografadas no mesmo período de tempo, e que este fose no inverno, un inverno do 2003 que foi atípico e primaveral en Galicia, sen choiva, con poucas nubes e menos ceos grises, o que resta ao proxecto unha variante temporal que aos dous nos gustaba. Este é un país atlántico debuxado pola auga, as nubes e a choiva, e cando retratan as nosas casas noutras publicacións parece que estas estivesen situadas á beira do Mediterráneo, é pena, pero non puídemos trocar na súa totalidade esta tendencia.

Tentamos que a fotografía servise aquí coma instrumento co que explicar a relación da casa co seu entorno e co xeito de habitar os seus espazos. Non queríamos retratar obxectos senón amosar lugares habitados, ensinala casa no seu contexto por moi disonante que este fose. Tratamos de facer un documento social, un retrato de un día na vida de cada casa, da mañá á noite, unha visión cotián de unha arquitectura de deseño en uso. Algunhas de estas propostas iniciais lograronse, foi difícil pero conseguíronse fotografías que poderíamos definir como territoriais, nas que a paisaxe é máis importante que o obxecto retratado e a súa vez unha excelente impresión de unha paisaxe da urbanización difusa. Máis difícil foi escaparse da fotografía convencional de interiores, en poucas ocasións puideron conseguirse instantáneas de cómo usan a casa os seus habitantes durante o día, non se puido porque para sorpresa nosa as persoas que residen nestas casas pasan a meirande parte do tempo traballando fora delas, vanse cedo e voltan tarde na noite. Houbo casas que se fotografaron en sábado ou domingo por este motivo. Ao preguntar aos propietarios os seus oficios estes son coincidentes, profesionais liberais, funcionarios, xente de estudos universitarios, os seus ingresos son moi diferentes e non son determinantes á hora de querer construírse unha casa na que se atopan moi cómodos e que se adapta ao seu xeito de vida. Sen pretendelo este é tamén un retrato xeracional de un grupo social que constrúe casas a súa medida, en lugares ben comunicados, preto das áreas urbanas nas que traballan.

### **Un proxecto urbanístico**

Nunca antes na historia de Galicia se construíra tanto, con tanta intensidade e de xeito tan extensivo. Aquí como no resto do mundo, esta é unha das herdanzas máis importantes que recibimos do século XX: a extensión dos procesos urbanos a grandes partes do territorio.

Estes lugares onde máis crece a Galicia actual son territorios cheos de usos urbanos dispersos, sen vertebración nin formal nin funcional, difíciles de comprender e definir debido á súa continua transformación, aí a cidade desaparece como estrutura e a natureza e paisaxe perden a súa identidade para transformarse nun outro lugar que aos nosos ollos resulta artificial e onde moita xente habita e identifica como a súa casa. Esta é unha situación que se repite no mundo enteiro baixo formas e factores distintos, non por selo resultado simple da ampliación dos límites da cidade, senón consecuencia da disolución dos conceptos de campo e cidade herdados de séculos anteriores; hoxe en día é difícil definilos límites da cidade pero resulta necesario entendelaos procesos de urbanización.

Este libro recolle exemplos construídos nos dez últimos anos, entre dous séculos, todos eles son arquitecturas da urbanización difusa, son exemplos que comprenden e ofrecen novas formas de habitar derivadas das actuais dinámicas territoriais, sitúanse alí onde se esta a construír o territorio, fan parte das paisaxes emerxentes da actual urbanización. Do seu estudio e exposición poderemos obter un retrato da nova paisaxe galega. Da súa excepción como arquitecturas concibidas para un lugar en resposta ao xeito de vida dos seus habitantes, coñeceremos mellor o uso que estes dan ao noso territorio.

### **Un proxecto arquitectónico**

O extenso título de este libro non se escolle pola ansia de dar unidade á variedade de propostas de vivenda construídas nos últimos anos en Galicia e a posibilidade que todas elas xuntas posúen para traducir unha proposta de futuro nos hábitos e nas formas residenciais dos galegos, e si para provocar a reflexión sobre a relación do construído co territorio e a existencia de un xeito propio de incorporación da vivenda no territorio en Galicia que é na miña opinión o que permite explicar/entendela en conxunto.

Cando escomenzamos este proxecto aquilo que nos interesaba retratar eran as casas, aos seus habitantes e o territorio difuso no que se situaban, non pensaba, nin penso, que a selección feita represente un resumo da variedade de propostas que se atopan en Galicia ou que se entenda este libro como unha guía de arquitectos e constructores galegos, este non é un proxecto enciclopédico, é un proxecto didáctico, as casas escollidas sírvenos para explicar mellor un instante e unha parte da nosa realidade, quizais aquela máis complexa e universal, a das casas, os habitantes e os seus territorios.

As casas presentadas son na súa meirande parte novas unifamiliares illadas, pero tamén hai espacio na exposición para proxectos de reforma e rehabilitación, adosados, lofts ou calquera proposta de habitación que non sexa a construción en bloque, e representen novos espazos para usos e estruturas sociais diversas.

As casas seleccionadas están situadas ao longo de toda a xeografía galega, pretendía que houbera exemplos diversos de lugares distintos, pero fíxoseme difícil atopar novas arquitecturas nas provincias de Lugo e Ourense, tentei que houbera unha meirande representación dos lugares nos que máis se está a construír nova vivenda, é por iso que gran parte das casas seleccionadas atópanse nas proximidades de grandes vilas e das cidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. Son parte de unha Galicia en transformación, de cambios rápidos e contradictorios, onde conviven ao mesmo tempo as casas que Plácido Lizancos denomina **populares**, e representan á meirande parte das casas que se constrúen en Galicia, con aquelas outras máis minoritarias e que algúns chaman casas de deseño, as que pertencen os 25 exemplos de este libro.

Cada casa foi construída por un conxunto de técnicos e obreiros, por iso figuran os nomes e enderezos das moitas persoas que interviñeron no proceso de construción de cada casa, isto que escomenzou sendo un acto de recoñecemento ao traballo de todos é tamén unha fonte de estudo, retrata a gran mobilidade existente entre o lugar de traballo e residencia dos constructores das casas.

Cada unha de estas casas foi pensada e dirixida a súa construción por un arquitecto. En xeral foi el quen nos levou á casa e nos acompañou na primeira visita, en todas foi moi grande o entendemento e a relación co cliente, son estas obras nas que o arquitecto pasou tanto tempo nelas que remata por ser un máis da familia, e non resulta difícil ver como os hábitos dos habitantes da casa responden ao seu deseño, e á súa construción.

### **Unha xeración difusa**

A medida que fun visitando casas e elaborando un listado coas seleccionadas funme atopando con un gran número de arquitectos cunha obra tan interesante como descoñecida, non quería que as obras seleccionadas respondesen a un criterio xeracional, o importante é o lugar e a obra non a idade nin a procedencia do seu arquitecto, pero sen pretendelo atopeime con que unha grande parte dos arquitectos de estas casas andan polos corenta anos, en xeral coincidimos algún ano estudiando na Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e a pesares disto descoñecemos o traballo dos nosos compañeiros.

Todo isto doume para pensar en que poderíamos definir como unha XENERACION DIFUSA, porque construímos en territorios da difusión urbana e si difuso é o noso lugar de traballo tamén o é a nosa relación, todos pretendemos facer arquitectura con intereses parecidos, pero todos traballamos pechados nos nosos estudos, non temos relación de veciñanza pero nos movemos no mesmo espacio xeográfico, as nosas influencias e referencias veñen dadas de lugares distintos e distantes ao que compartimos, non existimos como grupo pero vistos en conxunto nos define o noso xeito de incorporarnos ao territorio e as súas herdanzas, tanto polo noso interese por adaptala arquitectura as formas do territorio como por incorporarnos a el usando a accesibilidade, a parcelación e os asentamentos herdados de un pasado agrario e vernacular.

En resumo este libro e a exposición que o acompaña son un retrato de 25 casas construídas en Galicia por 25 arquitectos e constructores, presentará os seus deseños e maquetas de traballo, será un documento no que comprender novas formas de habitar o territorio, e unha guía para os que procuren unha vivenda adaptada aos seus recursos e necesidades, distinta dos excesos e carencias das casas construídas para consumo que produce o mercado inmobiliario.

Teño que agradecer a Alexander Tzonis, Fernando Agrasar, Plácido Lizancos e Marco Villares a súa amizade e colaboración desinteresada. A Diana, Tim Beherens, Jaime Oiza e Ana Margarita López a súa axuda. A Xosé Luís, Isaac Díaz Pardo, Miguel Fernández Cid, Martín Fernández Prado, e á comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, o interese mostrado polo proxecto. E en particular aos habitantes e arquitectos de tódalas casas que visitamos, pola axuda proporcionada e o interese co que acolleron esta iniciativa.

